



Resolución de 14 de marzo de 2005, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña pola que se resolve o expediente nº 387 que afecta ó monte *Aguillóns e Vallóns, Pedramarrada e Carrofeito*, dos lugares de Pedrafigueira, Pedramarrada, Noutigos, A Insua, Lagareiros e Freán, parroquia de Santa Comba, concello de Carnota

"Reunido o 14 de marzo de 2005 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia do xefe do Servizo de Montes e I.F., Don Ramón Martín López-Suevos, por ausencia da delegada provincial na Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Dona Ana M^a Díaz López, coa asistencia dos vogais, Don Alfonso Vázquez-Castro Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta de Galicia, Don Juan Ramón Bencyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, Don José Manuel Caramés Franco, representante das comunidades veciñais de Montes en Man Común, e da secretaria en funcións Dona M^a Jesús Budiño Rodríguez, xefa do Servizo Xurídico da Delegación de Medio Ambiente na Coruña, para estudar e resolve-lo

Expediente: 387
Monte: *Aguillóns e Vallóns, Pedramarrada e Carrofeito*
Comunidade: lugares de Pedrafigueira, Pedramarrada, Noutigos, A Insua, Lagareiros e Freán
Parroquia: Santa Comba
Concello: Carnota

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Os veciños dos lugares de Pedrafigueira, Pedramarrada, Noutigos, A Insua, Lagareiros e Freán, parroquia de Santa Comba, concello de Carnota, solicitaron deste Xurado, con data 3.07.2003, a declaración como veciñal dos expresados lugares, do monte arriba citado.

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 2.10.2003, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructor del a Don Juan Ramón Bencyto Bellas, quen aceptou expresamente o dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Carnota, ó xefe do Servizo de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (núm. 116, do 17.06.2004), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.



3º. Os promoventes fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que, desde tempos remotos, veñen aproveitando o monte Aguilóns e Vallóns de xeito consuetudinario e sen asignación de cotas. Achegan acta notarial con manifestacións neste sentido e outra documentación para acreditar o aproveitamento mancomunado.

4º. O 15.07.04 o concello de Camota presentou un escrito alegando canto considerou oportuno en defensa dos seus intereses, en síntese, que as tres parcelas figuran no Inventario de bens do concello, están inscritas ó seu nome no Rexistro da Propiedade de Muros e que non renuncia á titularidade das referidas parcelas:

- Respecto da Parcela I expón que o 29.03.99 a Consellería de Medio Ambiente, a petición do Concello, resolveu excluir do consorcio unha parcela de 41,11 ha, para dedicala a fins de interés social e utilidade pública, nas paraxes de Lamas de Castelo-Muiño do Rego-Costa do Río. E que o 21.07.01 o Pleno da Corporación aprobou a concesión administrativa dunha parcela de 473.439 m2 a sociedade mixta municipal Carnotavento S.L. para a instalación dun parque eólico singular.
- Respecto da Parcela II, que está diferenciada espacialmente sen ningún tipo de aproveitamento comunitario.
- E respecto da Parcela III que se realizaron obras de acondicionamento, pechado dun vertedeiro incontrolado, convertíndoa nun espazo de ocio con zona axardinada e aparcamento.

E con data 11-11-04 o dito concello achegou certificación de acordo plenario de 28 de outubro ratificando estas alegacións da Alcaldía Presidencia.

5º. En data 16.07.04 Don Pascual Fernández Rama, no nome e representación da comunidade veciñal en man común da parroquia de San Mamede, presentou un escrito opositándose á clasificación da parcela I cos lindeiros solicitados. O 09.11.04 o servizo de montes informou, en síntese, que ámbolos dous montes iniciais do C.U.P. (San Mamede e Aguilóns e Vallóns) están deslindados, mesmo compartindo algúns piquetes e que o monte veciñal San Mamede, ó estar definido na resolución de cualificación de monte veciñal como parte do monte San Mamede (C.U.P. 383), nunca podería superar o deslindamento do orixinal monte San Mamede do C.U.P.

6º.- No trámite de audiencia realizado o 14-03-05 os promotores aceptaron que quedase excluído da calificación como veciñal a parcela onde se atopan situadas diversas instalacións municipais.

7º. - O 14 de marzo de 2005 o servizo de montes e industrias forestais emitiu informe, (co que achegou Plano a escala 1:5.000) para os efectos de nova definición das características físicas da Parcela I (Aguilóns e Vallóns) logo da renuncia dos promotores sobre parte da súa superficie.

9º.- Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (D.O.G. núm 202, de 20 outubro) e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, (D.O.G. núm 186, de 23 de setembro) ambos da Comunidade



Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños dos lugares de Pedrafigueira, Pedramarrada, Noutigos, A Insúa, Lagareiros e Freán son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do expresado no punto anterior, dedúcese que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á comunidade veciñal dos lugares de Pedrafigueira, Pedramarrada, Noutigos, A Insua, Lagareiros e Freán, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Pola renuncia expresa dos promotores, manifestada perante este Xurado, exclúense a Parcela de 41,11 ha, onde se atopan diversas instalacións municipais, que fora arredada do Consorcio por Resolución da Consellería de Medio Ambiente de data 29-3-99, así como a Parcela de 9,45 ha, que tamén fora excluída do Consorcio por Resolución da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de 16-9-96.

Polo anterior, este Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta do Instructor,

ACORDA cualificar como veciñal en man común o monte *Aguillóns e Vallóns, Pedramarrada e Carrofeito*, de pertenza dos lugares de Pedrafigueira, Pedramarrada, Noutigos, A Insúa, Lagareiros e Freán, parroquia de Santa Comba, concello de Cornota, cos lindeiros, superficie e características que seguen:

PARCELA I.- Aguilóns e Vallóns. Superficie 278,44 ha. Proven do monte Aguilóns e Vallóns, nº 362 do C.U.P. Defínese consonte o deslindamento deste, coa seguinte poligonal: do chanto 1 ao 19, deste a un punto situado a 50 m. sobre a liña do deslindamento que vai do chanto



172

19 ao 20, deste punto por unha liña que vai a tres penedos coñecidos como "Outeiro do Raposo" (vértices 2,3 e 4 do Informe do 30.12.03), e logo do vértice 4 ao chanto 740. O resto segue a liña que vai do chanto 740 ao 829, deste indo polo centro do leito do rego de Insamar ao chanto Z159, deste ao Z12, deste último ao 974, e deste pecha a poligonal indo ao chanto 1.(A descripción planimétrica dos límites deste monte queda reflectida no plano que consta no doc. nº 168 do expediente, asinado polo enxeñeiro Don Inacio López da Osa Ximénez).

PARCELA II.- Pedramarrada. Superficie: 0,3875 ha

PARCELA III.- Carrofeito. Superficie: 0,3772 ha

As estremas destas dúas parcelas veñen reflectidas tanto na información en soporte dixital xcorreferenciada achegada polos promotores o 30.12.03, como nos planos dos levantamentos topográficos destes, achegados na mesma data.(Documentos nºs 31-41 do expediente)

Así mesmo, acórdase excluír o declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación desta Consellería de Medio Ambiente na Coruña.

Notifíquese aos interesados".

A Coruña, 14 de marzo de 2005

Vº e Pr.


O PRESIDENTE DO XURADO

Asdo.- Ramón Martín López-Suevos



A SECRETARÍA DO XURADO,

Asdo.- Mª Jesús Budiño Rodríguez



PARCELA I. "AGULLONS E VALONS"
CONCELLO DE CARNOYA
(Segun resolución do xurado de mvmc 14-03-05)
546.337

MEDICIÓN DO MONTE DA COMUNIDADE DE
PEDRAFUEIRA, PEDRAMARRADA E OUTROS

SUP. TOTAL	296,47 ha
SUP. ENCLAVADOS	18,03 ha
SUP. MVMC	278,44 ha

ESCALA 1:5.000

Enxeiteiro de Montes
Xefe de Área Técnica M.V.M.C.
Inacio López da Osa Ximénez